

O PRINCIPIÑO

[Mark Osborne, 2015]

150

ESTREA EN NUMAX: 09.09.2016 | V.O.S.G. | TODOS OS PÚBLICOS

Le petit Prince (2015, 106')

Dirección: Mark Osborne

Guión: Irena Brignull (Novela: Antoine de Saint-Exupéry)

Reparto: Jeff Bridges, Rachel McAdams, Paul Rudd, Marion Cotillard, James Franco, Benicio Del Toro, Ricky Gervais, Bud Cort (voces)

Montaxe: Carole Kravetz Aykanian, Matt Landon

Dirección de arte: Catia Chien

Son: Jonathan Borland

Música: Richard Harvey, Hans Zimmer

Fotografía: Kris Kapp

Produtora: Onyx Films, Orange Studio, M6 Films (Francia)

Distribuidora: Wanda Vision

Formato de proxección: DCP 2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Francés

FILMOGRAFÍA

Kung Fu Panda, 2008

[con John Stevenson]

Bob Esponja: La película, 2004

[con Stephen Hillenburg]

Dropping Out, 2000

More, 1998 [curtametraxe]

Greener, 1994 [curtametraxe]

FESTIVAIS

César 2016

(mellor filme de animación)

SINOPSE

Combinando 3D e animación stop-motion, *O principião* conta a historia dun piloto que se perde no medio do deserto do Sahara, tras sufrir o seu avión unha avaría. Alí coñece a un pequeno príncipe que vén doutro planeta e que lle conta anécdotas da vida e sobre todo do modo que teñen os adultos de vela, prestando atención ás cousas realmente importantes.

«Unha versión extremadamente fermosa e encantadora, cunha gran riqueza temática, que seguro será un dos mellores filmes animados deste ano.»

Oliver Littleton. INDEWIRED



O PRINCIPIÑO

[Mark Osborne, 2015]

«O principiño vive na nosa imaxinación»

Entrevista a Mark Osborne

Por Charline Jao

Cando che din que un libro tan icónico como *O principiño* vai ser adaptado xorden dous pensamentos simultáneos: a emoción por ver algo que queres tanto na pantalla e a esperanza de que saia todo ben. Eras consciente desa presión?

Totalmente, desde o comezo. Esa é unha das razóns polas que dixen non nun principio, porque non quería ser o tipo que fracasaba facendo un filme sobre *O principiño*. A presión estivo aí durante todo o proceso. Participou un grande equipo de xente apaixonada á que lle interesaba protexer o libro ao máximo.

Por iso cando alguén me pregunta sobre o que quería facer e dinme que reescribín o libro eu digo: «Non, non, non, o libro está a salvo, está aí como parte do filme e escribín unha historia sobre como protexer o libro». O libro está aí, intacto, e non mudei unha palabra da parte do libro que empreguei para os meus propósitos. Todo o que fixen foi coller treitos do texto para que inspirase unha historia máis ampla.

Escoiteite falar do filme como un tributo ao libro, máis ca como unha adaptación. Onde cres que reside o poder desa escolla e que significa para ti? Ben, hai ocasións que unha simple adaptación é necesaria. Mais nunca pensei nesa posibilidade neste caso pois o libro vive na nosa imaxinación. Calquera que o lea ten unha experiencia distinta porque tamén inflúe quen che deu o libro, se estás a pensar nalgún máis cando o les. Todos temos unha experiencia propia e por iso pensei que non podía adaptalo sen máis. De aí vén o truco, a prestidixitación de dicir: «Non che vou contar a historia, senón que che vou traer a historia a través da nena protagonista». Vouche traer o libro a través dos seus ollos e é así como protexemos a noción do espello reflectindo o libro nas nosas vidas.

Coido que ao centrarte en certos personaxes d'*O principiño*, principalmente a rapaza protagonista, temas como a infancia e o crecemento sitúanse nun primeiro plano. Esa

escolla dáche un determinado enfoque porque todo o mundo ten os seus propios lentes. A xente dime todo o tempo: «non incluíches o faroleiro, o meu favorito!». Tiven esa conversa con centos de persoas que non lembraban outras pasaxes enteiras d'*O principiño*. Esquécense dos baobabs por exemplo. Esquécense disto e do outro porque se centran naquilo que ten máis significado para eles. E aí é onde lles digo: esta é a súa versión. Se che incomoda que non pense no faroleiro daquela has falar cos teus amigos sobre o que significa ese personaxe para ti e iso é magnífico. Quixen que o filme fose como unha conversa cun amigo.

Lin o libro en diferentes momentos da miña vida e cada unha das veces reparei en diferentes partes. Coido que unha cousa magnífica do libro que tamén se engade no filme é que se dirixe a calquera persoa, non só á infancia que soe ser o destinatario do cinema de animación. Mais iso só acontece aquí, nos Estados Unidos!

Si, mais semella haber un cambio niso, como en *Anomalisa* [Charlie Kaufman & Duke Johnson, 2015] que é un filme moi serio de stop-motion. Ou *La fiesta de las salchichas* [Conrad Vernon & Greg Tiernan, 2016].

Ese é sen dúbidas un filme de animación para adultos. De feito propuxéronme dirixilo.

En serio? Foi unha loucura e de feito comecei a dirixir ambos pero tiven que escoller un e decanteime por *O principiño*. Hai unha historia e a min encántame a animación pola súa capacidade para contar historias dun xeito que non sería posíbel na acción real. Coido que a animación ten un gran potencial, nalgúns casos maior cá acción real. Emocíname calquera cousa que rache cos moldes e vaia nunha dirección diferente. Por iso me impliquei nun inicio en *La fiesta de las salchichas*, porque pensaba que ía mudar cousas.

Publicada en www.themarysue.com/
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

***O principiño*, Antoine de Saint-Exupéry.** Urco, 2015
***El principito*, Antoine de Saint-Exupéry.** Salamandra
La historia completa de El Principito. VV.AA. Salamandra
El principito. Edición del Cincuenta aniversario. Antoine de Saint-Exupéry. Salamandra
Le petit prince, Antoine de Saint-Exupéry. Gallimard, 2015
Cartas a una amiga inventada, Antoine de Saint-Exupéry. José J. Olañeta, 2015

NUMAX NA ESCOLA

Este filme forma parte do catálogo pedagóxico NUMAX NA ESCOLA escola@numax.org

VOSG NUMAX

Filme subtitulado ao galego por NUMAX grazas á colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME